



XUNTA DE GALICIA

## CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE TRIACASTELA PARA O ACONDICIONAMENTO E PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE SUAVILA.

Santiago de Compostela, a 25 de abril de 2016

### REUNIDOS

Dunha parte, a Sra. D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 122/2015, do 4 de outubro, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Pola outra parte, D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Triacastela, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente, na calidade en que interveñen, capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio e para o efecto,

### EXPOÑEN

I.- O Concello de Triacastela (Lugo) trata de promover unha actuación consistente no “**Acondicionamento e pavimentación do camiño de Suavila**”, situada no núcleo urbano.

O indicado camiño, transcorre polo interior do núcleo urbano de Triacastela, de forma paralela ao Camiño de Santiago. Une varios puntos de interese municipal, tales como a casa do Concello, a igrexa e o albergue de peregrinos. Por tal motivo, dada a súa situación, trátase dun viario moi utilizado.

II.- Descrición das actuacións a realizar:

a) Acondicionamento, limpeza e preparación do terreo

Iniciarase a intervención coa realización dunha limpeza superficial e manual do terreo, posto que debido ao paso constante de vehículos agrícolas, o terreo atópase xa moi compactado, servindo xa como base para a execución da obra. Polo tanto, procederase unicamente a retirada da capa de vexetación existente nos bordos do camiño, quedando así un firme adecuado para a realización da caixa de pavimentación.

Unha vez terminada a limpeza do terreo, procederase á compactación da parte superficial de terra, e unha vez compactada, procederase a executar sobre o mesmo unha capa de grava de 10 cm. de espesor sobre a que se apoiará o solado de formigón que se prevé executar.

b) Realización do pavimento



## XUNTA DE GALICIA

Unha vez compactada a capa de grava, procederase a execución da soleira de formigón, que conformará o pavimento. Dita soleira irá executada en formigón no seu color natural, dando desta forma continuidade a outra intervención previa que xa se realizou dende o concello ata o inicio desta nova intervención, e daráselle un acabado rugoso que evite que sexa deslizante, con un grosor aproximado de 25 cm. Para aportar unha maior consistencia, dito formigón virá mesturado con fibra de vidro.

Na realización da soleira, farase unha pequena pendente do 3%, que facilite a escorrentía de augas pluviais, cara o bordo sur do paseo.

### c) Instalación de iluminación.

Realizarase a instalación de iluminación, que facilite o tránsito por dito paseo e do mesmo modo cree un atractivo visual sobre o devandito paseo.

O sistema de iluminación elixido para tal fin é o de balizas tipo led soterradas no propio pavimento que, debido ao ancho da calzada, serán resistentes ao paso de vehículos.

### d) Acabados

Polo borde dereito do camiño, entre os cachotes de pedra que conforman o muro de contención e a propia soleira de formigón, deixarase unha franxa duns 60 cm. de espesor que irá destinado a zona axardinada de herba.

### e) Mobiliario

Naqueles puntos, onde se produza a intersección do paseo con outras rúas, instalaranse bancos de pedra e papeleiras fixas, que axudarán á humanización do paseo e ao descanso dos viandantes

### f) Superficies

|                               |                         |
|-------------------------------|-------------------------|
| Lonxitude do paseo            | 375 m                   |
| Superficie de pavimentación   | 1.500,00 m <sup>2</sup> |
| Superficie total de actuación | 1.875,00 m <sup>2</sup> |

**III.-** Nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o ano 2016 figura consignación orzamentaria adecuada para acometer a actuación. A competencia para o desenvolvemento destas actuacións, está contemplada no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería “*A realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial*”.

**IV.-** Polo exposto, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, no exercicio das súas competencias, e o concello de Triacastela, no exercicio das que lle atribúe a súa lexislación específica, manifestan a súa vontade de formalizar unha colaboración, para abordar a execución das obras citadas, a través dun convenio que se estrutura nas seguintes



XUNTA DE GALICIA

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Triacastela, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes no “**Acondicionamento e pavimentación do camiño de Suavila**”.

### SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Triacastela comprométese a:

- 1.- Poñer a disposición da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, os terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula primeira, así como a reposición de servizos e servidumes. Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación algunha de tributo municipal, a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o titular das mesmas.
- 2.- Levar a cabo as actuacións consistentes na redacción dos documentos técnicos que definan as obras a executar. Prestarlle a aprobación aos indicados documentos nun prazo máximo de 15 días, contados dende a data de requirimento, así como á remisión de todos aqueles informes que resulten precisos para a licitación e contratación das obras. Noutro caso, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos no presente Acordo, sen mais trámites que a comunicación ao concello.
- 3.- Asumir, unha vez realizadas as obras, e logo da comunicación da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a explotación e conservación das mesmas.
- 4.- Antes da sinatura do presente convenio, o concello deberá achegar ao órgano de contratación da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, os compromisos a que fan referencia os apartados 1, 2 e 3 anteriores.
- 5.- O concello, como trámite previo á licitación das obras, aportará a oportuna certificación xustificativa da dispoñibilidade dos terreos, nos termos do apartado 1 precedente.

### TERCEIRA. COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, asume os seguintes compromisos:



## XUNTA DE GALICIA

1.- Financiar a execución das obras segundo as prescricións do proxecto, destinando para isto, con cargo á aplicación 07.02.521A 607.1, **cento trece mil cento corenta e cinco euros con sete céntimos (113.145,07 €)**, con cargo aos orzamentos de 2016.

2.- Levar a cabo, as actuacións consistentes na contratación da execución e dirección das obras, a xestión das mesmas ata completar a súa finalización conforme aos proxectos aprobados e formalizar os actos de recepción de conformidade co estipulado no artigo 235 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

As actuacións expresadas abarcan, se fose o caso, as execucións de proxectos modificados, complementarios, revisións de prezos e proxectos de liquidación ata que as construcións merezan a plena conformidade da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, por producirse o acto formal de recepción e atoparse en condicións de ser entregadas ao concello de Triacastela para a súa incorporación ao servizo e uso público.

3.- Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, esta poñerá en coñecemento do concello de Triacastela, entendéndose que tal comunicación determina o nacemento da obriga asumida polo concello na cláusula segunda 3) precedente, sen prexuízo da posterior formalización da correspondente acta de entrega.

### **CUARTA.- RELACIÓN LABORAL**

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo con carácter indefinido, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

### **QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.**

Para o impulso e seguimento das accións establecidas no presente convenio, créase unha Comisión, integrada por catro membros, dous por cada unha das partes asinantes do presente acordo. Formarán parte pola consellería, a persoa titular da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo ou persoa en quen delegue, e a persoa titular do Servizo de Obras e Supervisión de Proxectos; o concello estará representado pola Alcaldesa ou persoa en quen delegue e o concelleiro responsable de obras e/ou infraestruturas.

### **SEXTA.- INTERPRETACIÓN E NATUREZA**

1.- As dúbidas que se presenten na súa interpretación, caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da Comisión de Seguimento, pola persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, poñendo así fin á vía administrativa.

2.- O presente convenio ten natureza administrativa e tramítase ao abeiro do Decreto 246/1992 do 30 de xullo, polo que se regulan determinadas condicións da execución de obras públicas en réxime



XUNTA DE GALICIA

de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público. A xurisdición contencioso-administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia do mesmo.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en todas as estipulacións, aplicándose os principios do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, para resolver as dúbidas e lagoas que poidan presentarse (artigo 4.2).

### **SEPTIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

Son causas de resolución do convenio:

- a) O cumprimento do seu obxecto
- b) O incumprimento de calquera das cláusulas.
- c) A inviabilidade da realización das actuacións descritas no mesmo por causas non imputables ás partes.
- d) O incumprimento de carácter temporal ou parcial de calquera das cláusulas do mesmo. Entenderase por incumprimento parcial, aquel que implique en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto o desenvolvemento das actuacións previstas.
- e) A denuncia, por calquera das partes, por razóns de interese público.

### **OITAVA.- VIXENCIA**

A vixencia do presente Convenio esténdese ata o 31 de decembro de 2016. Non obstante manterase ata a entrega das obras ao concello de Triacastela nos termos establecidos na cláusula terceira. Así mesmo, seguirá producindo efectos en tanto non se liquiden as obrigas que puideran quedar pendentes.

E en proba de conformidade asinan o presente documento por triplicado exemplar no lugar e data do encabezamento.

POLA XUNTA DE GALICIA  
A Conselleira de Medio Ambiente e  
Ordenación do Territorio

POLO CONCELLO DE  
TRIACASTELA  
A Alcaldesa